

Cuestións de preparación e reflexión: Kant. Ética.

1. ¿Cales son, dende o punto de vista ético, as cualidades dunha **persoa moralmente autónoma**?, ¿cales serían, polo contrario, as características opostas á autonomía moral?
2. ¿Que ten máis importancia dende unha perspectiva ética: a **intención** dunha acción ou os seus **resultados**?, ¿un comportamento motivado por unha boa intención pode ter malas consecuencias?, ¿como valorarías eticamente este comportamento?
3. Un deber que un suxeito se impón a sí mesmo, ¿é un deber eticamente aceptábel?, ¿que atributos debería posuír un deber para ser un **deber moral**?
4. ¿Pode existir un **deber** que sexa **universal e necesario**, isto é, que obrigue a todo suxeito en calquera circunstancia e que non teña ningún tipo de excepción?
5. ¿A que nos referimos ao falar da **dignidade** das **persoas**?, ¿por que todo ser humano posúe dignidade?, ¿en que reside a dignidade humana?, ¿cando se falta a dignidade que posúe todo ser humano?